

## **BASES E CONVOCATORIA DAS SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS PARA ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVAN ACCIÓNS NO CONCELLO DE MEIS**

### **1.- DISPOSICIÓNS XERAIS**

Estas **bases** teñen por obxecto establecer os **criterios** e o **procedemento** para conceder as subvencións municipais, de acordo cos principios de publicidade, libre concorrència e igualdade, para a realización de actividades que complementen ou suplan as atribuídas á competencia municipal, ou que, en xeral, contribúan ó fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do Concello de Meis.

Os fins indicados anteriormente efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable e, en especial, coa prevista na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

O procedemento para a concesión destas subvencións será en réxime de concorrència competitiva.

### **2.- BENEFICIARIOS**

Poderán solicitar as subvencións reguladas nas presentes bases todas as entidades, clubs, asociacións e fundacións validamente constituídas con personalidade xurídica e que reúnan os seguintes requisitos:

- Que carezan de fins de lucro.
- Que teñan o seu domicilio social no Concello de Meis.
- Que realicen actividades de interese municipal.
- Que se atopen inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e Clubs.
- Que non teñan pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Meis.
- Que estean ó corrente das obrigas tributarias.

Estas bases afectarán a aquelas celebracións, actividades e eventos que se consideren de interese xeral para o Concello de Meis.

As asociacións ou entidades que teñan asinado un convenio específico co concello poderán acollerse a estas axudas. Nestes casos, da contía económica resultante segundo a puntuación que obteñan nestas axudas descontáraselles a contía económica que perciban segundo os termos do convenio asinado, de maneira que a suma das contías resultantes non supere nunca o importe total

da axuda inicialmente concedida segundo as bases destas axudas. Para o cálculo do importe a ingresar, descontarase da axuda concedida o importe reservado nos orzamentos municipais para o convenio en cuestión; unha vez rematado o ano natural, realizaranse os axustes económicos correspondentes, ingresando ou retendo da axuda correspondente ó seguinte ano natural a diferenza.

### 3.- ACCIÓNS SUBVENCIONABLES

Os beneficiarios poderán ser subvencionados en relación co desenvolvemento das seguintes materias:

#### A) CULTURA E FORMACIÓN. Proxectos tendentes:

- Ó fomento dos valores culturais do noso concello e á ampliación da oferta cultural municipal.
- Ó fomento da formación, da lectura, das actividades musicais e teatrais e de calquera outra actividade relacionada coa formación e coa expresión artística ou semellantes.
- Ó fomento de actos folclóricos, festivais e semellantes.
- A actuacións puntuais ou de carácter permanente no eido cultural e formativo en todas as súas vertentes: música, teatro, literatura, pintura, danza, encontros, obradoiros, cursos, audiovisuais, conferencias, xornadas, actividades extraescolares e semellantes.
- A actuacións dirixidas á realización das celebracións de festas etnográficas, tradicionais e de valor histórico, gastronómico e cultural: Entroido, Maios, mallas, letras galegas, festas da historia ou semellantes.
- A calquera outra vencellada á cultura municipal en concreto e á galega en xeral.

#### B) DEPORTE. Proxectos tendentes:

- Ó fomento da práctica deportiva, especialmente dos máis pequenos.
- A organización de campionatos, torneos e escolas deportivas.
- A formación deportiva.
- Ós clubs deportivos.

### 4.- FINANCIAMENTO

As axudas para estes fins outorgaranse con cargo as aplicacións do orzamento de gastos para o 2020, 334.480 (cultura) e 341.480 (deporte) ata o límite de

20.500,00€ e 18.000,00€ respectivamente.

## 5.- CONTÍA E LÍMITE DAS SUBVENCÍONS

A contía da subvención estará en función dos programas e dos recursos con que se conte para cubrir parcialmente estes. A subvención non poderá exceder, en ningún caso, do custe da actividade á que se aplique, incluíndo no cálculo todas as subvencións percibidas polo beneficiario para a mesma finalidade, tanto de entes públicos coma privados, así como as achegas dos participantes nas actividades.

En todo caso, establecece o límite máximo de 9.000,00€ por beneficiario, non podendo a subvención superar dita cantidade.

A subvención aprobada poderá ser revisada unha vez que se coñeza o financiamento do gasto a través das achegas complementarias de axudas doutras entidades así como, de ser o caso, doutros ingresos, de tal xeito que a súa contía definitiva suporía o resultado deficitario da liquidación final de gastos-ingresos.

As entidades quedan obrigadas a comunicar calquera achega económica institucional ou privada que reciban con destino á actividade solicitada.

## 6.- DOCUMENTOS PARA A SOLICITUDE

As solicitudes formalizaranse nos modelos normalizados (ANEXO I e ANEXO II), achegando ademais a seguinte documentación:

- a) MEMORIA explicativa da actividade concreta que se pretende realizar, especificando en todo caso o lugar, as datas previstas para o seu desenvolvemento, o número total de horas de realización da actividade, os obxectivos e o número de beneficiarios (ANEXO III).
- b) ORZAMENTO da actividade ou investimento concreto e determinado, con desglose das partidas económicas de gasto previstas e con indicación da procedencia dos ingresos cos que se conte para financiar a actividade e/ou actuación (ANEXO IV).
- c) DECLARACIÓN responsable na que conste expresamente se a asociación ou entidade solicitou e/ou obtivo calquera outra axuda, subvención, ingreso ou recurso económico para financiar a actividade subvencionable, comprometéndose, así mesmo, a comunicarlle ó Concello de Meis as axudas e/ou subvencións que se obteñan no futuro, no prazo de 10 días dende a súa concesión (ANEXO V).

d) DECLARACIÓN responsable de estar ó corrente nas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como de non ter débedas co Concello de Meis nin estar incurso en ningunha das causas de prohibición legalmente establecidas para a percepción de axudas ou subvencións públicas (ANEXO VI).

e) Copia da ACTA da asemblea de socios na que se designa a directiva da entidade beneficiaria.

f) CERTIFICACIÓN asinada pola xunta directiva correspondente que recolla o número de socios totais da entidade, con indicación expresa do número de socios que están ó día no pagamento da cota correspondente ó ano en que se solicita a axuda. No caso de que non haxa establecida unha cuota, declaración responsable neste sentido con indicación do nome e apelidos dos socios existentes.

g) Copia da ACTA de aprobación das contas da entidade correspondentes ó exercicio contable inmediatamente anterior ó ano en que se solicita a axuda.

En caso de que a solicitude presentada, acompañada coa documentación que se pide nestas bases, non reunise os requisitos da convocatoria ou calquera dos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, requirirase ó interesado para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, en caso de non facelo, considerarase que desiste da súa solicitude, arquivándose a mesma sen máis trámites.

## 7.- LUGAR E PRAZO DE SOLICITUDES

As entidades interesadas poderán solicitar as subvencións no prazo de 30 días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria no boletín oficial da provincia.

A solicitude e a documentación correspondente presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Meis ou en calquera das formas previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

## 8.- REQUISITOS

As actividades subvencionables deberán impartirse ou desenvolverse no Concello de Meis e/ou deberán estar destinadas ás/ós Meisinas e Meisinos.

Aquelas actividades que, sendo propostas por algunha asociación, xa estean programadas para ser realizadas polo concello de forma directa dentro da

mesma anualidade, non serán subvencionables, fin tampouco aquelas actuacións ou actividades que sexan coincidentes, dentro do mesmo ano natural, entre 2 ou máis asociacións ou entidades.

Tampouco serán subvencionables excursións, viaxes culturais nin gastos de comidas.

Á hora de determinar a contía final da subvención teranse en conta os ingresos que, por calquera outro concepto, perciban os beneficiarios das arcas municipais, podendo o órgano competente minorar a contía da subvención nun tanto igual ó percibido por outros conceptos.

## 9.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN

Os criterios que se terán en conta para a concesión das subvencións e para determinar a súa contía serán os seguintes:

### A) NO EIDO DA CULTURA E DA FORMACIÓN

1. Número de SOCIOS que forman parte da entidade ou asociación: valorarase con 0,25 puntos cada socio que estea dado de alta na asociación, coa correspondente cuota ó día de ser o caso, ata un MÁXIMO de 20 puntos.

2. REPERCUSIÓN da actividade: valorarase con 0,10 puntos o número de participantes nas actividades, ata un MÁXIMO de 20 puntos, sempre e cando haxa un MÍNIMO de 12 persoas. No caso de cursos, charlas e calquera outra actividade con número de participantes limitado, entregarase coa documentación xustificativa da actividade a relación de participantes con indicación do seu nome e apelidos. No caso de actuacións e actividades sen límite de aforo, farase unha estimación do público asistente, sen prexuízo de que a comisión avaliadora poida solicitar outro tipo de xustificación concreta á entidade organizadora.

3. DURACIÓN da actividade: valorarase con 0,10 puntos cada hora da actividade ata un MÁXIMO de 40 puntos, tanto se ten unha duración concreta nun día coma se se estende ó longo de varios meses.

4. VALORES ESPECIAIS. Neste apartado, cun MÁXIMO de 20 puntos para o conxunto das actividades, valoraranse os seguintes criterios:

- Promoción do Concello de Meis, do seu patrimonio, historia ou tradicións propias: ata 2 puntos.
- Promoción das tradicións e cultura galegas, así como o enxalzamento dos produtos típicos gastronómicos: ata 2 puntos.
- Colaboración con outras entidades e/ou asociacións na promoción e realización de eventos solidarios: ata 2 puntos.

- Colaboración activa nas actividades que organicen directamente as concellerías de Educación e Cultura e de Participación Veciñal, Eventos e Protección Civil do Concello de Meis: ata 8 puntos.
- Coorganización de actividades conxuntas entre 2 ou máis asociacións e/ou entidades: ata 2 puntos.
- Innovación da actividade (nova ou non realizada no concello nos 4 anos inmediatamente anteriores ó ano en que se concede a subvención): ata 2 puntos.
- Outros valores especiais que a comisión avaliadora, por maioría dos seus membros, considere de relevancia: ata 2 puntos.

## B) NO EIDO DEPORTIVO

1. Número de SOCIOS que forman parte da entidade ou asociación: valorarase con 0,10 puntos cada socio que estea dado de alta na asociación, coa correspondente cuota ó día de ser o caso, ata un MÁXIMO de 45 puntos.

2. Número de FICHAS FEDERATIVAS dadas de alta a partir da categoría de XUVENIL (incluída): 1 punto por ficha ata un MÁXIMO de 100 puntos. Para a súa xustificación será necesario achegar certificación ou documento oficial da correspondente federación.

3. Número de CATEGORÍAS DEPORTIVAS en competición da entidade, a partir da categoría de XUVENIL (incluída): 5 puntos por categoría ata un MÁXIMO de 25 puntos. Para a súa xustificación será necesario achegar certificación ou documento oficial da correspondente federación.

4. NIVEL DE COMPETICIÓN. Valorarase, en cada caso, o nivel en que está competindo cada categoría, ata un MÁXIMO de 25 puntos, de acordo cos seguintes criterios (non acumulables):

- En competición COMARCAL: 1 punto.
- En competición PROVINCIAL: 2 puntos.
- En competición AUTONÓMICA, de 5 a 10 puntos, segundo as categorías que establezan as correspondentes federacións.
- En competición NACIONAL, de 11 a 15 puntos, segundo as categorías que establezan as correspondentes federacións.
- En competición EUROPEA, de 16 a 20 puntos, a criterio da comisión avaliadora por maioría dos seus membros, tendo en conta aspectos como o lugar de desenvolvemento da competición, a importancia da mesma e outros que consideren relevantes.
- En competición MUNDIAL, de 21 a 25 puntos, a criterio da comisión avaliadora por maioría dos seus membros, tendo en conta aspectos como o



lugar de desenvolvemento da competición, a importancia da mesma e outros que consideren relevantes.

5. Funcionamento de ESCOLAS DEPORTIVAS. Valorarase, en cada caso, a promoción do deporte nas categorías de BIBERÓN a CADETES (ou denominacións semellantes), ambas incluídas, ata un MÁXIMO de 150 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

- Número de fichas federativas dadas de alta: 1 punto por ficha ata un MÁXIMO de 100 puntos. Para a súa xustificación será necesario achegar certificación ou documento oficial da correspondente federación.
- Número de categorías deportivas en competición da entidade: 5 puntos por categoría ata un MÁXIMO de 25 puntos. Para a súa xustificación será necesario achegar certificación ou documento oficial da correspondente federación.
- Nivel de competición: valorarase, en cada caso, o nivel en que está competindo cada categoría, ata un MÁXIMO de 25 puntos, cos mesmos criterios (non acumulables) descritos no apartado 4 anterior das actividades incluídas no eido deportivo.

6. Colaboración con outras entidades e/ou asociacións na promoción e realización de EVENTOS SOLIDARIOS: por cada actuación 1 punto, ata un MÁXIMO de 5 puntos.

7. PATROCINIOS deportivos: no caso de deportes minoritarios ou individuais e para aqueles deportistas meisinas e meisinos que sobresaian de forma excepcional na súa faceta deportiva, a comisión avaliadora poderá valorar a posibilidade de que o Concello de Meis patrocine, en todo ou en parte, algunha actividade deportiva na que participe, previa solicitude do deportista.

## 10.- COMISIÓN AVALIADORA

A comisión avaliadora estará formada pola Alcaldesa, o concelleiro/a de área, o concelleiro/a de contas e dous funcionarios municipais, dos cales un deles actuará como secretario/a, previa revisión das solicitudes presentadas e a valoración realizada por técnicos/funcionarios municipais.

Esta comisión avaliadora, de xeito excepcional, poderá valorar as solicitudes presentadas por entidades que non se encadren totalmente en ningún dos apartados sinalados neste punto das bases e, de ser o caso, propoñer a concesión dunha axuda, cos criterios que considere que máis se axusten á solicitude presentada, sempre que a actividade se considere de interese xeral.

Así mesmo, poderá valorar de xeito excepcional, previa solicitude da entidade e/ou asociación correspondente, a inclusión de actividades e/ou patrocinios

inicialmente non incluídos na memoria inicial, sempre que se xustifique a imposibilidade desa inclusión inicial ou que sexan considerados de interese xeral e/ou teñan relevancia para o Concello de Meis.

## 11.- ESTUDO E RESOLUCIÓN DE SOLICITUDES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, procederase á baremación das mesmas segundo a documentación presentada, e á repartición do total da axuda entre as entidades solicitantes, proporcionalmente á puntuación obtida na baremación, establecéndose como límite máximo por entidade a cantidade de 9.000,00€.

Unha vez que se realicen todos os trámites relacionados con cada solicitude, a comisión avaliadora elaborará, unha proposta de resolución que, previo informe da Intervención municipal, será resolta polo órgano competente no procedemento, concedendo ou denegando definitivamente a subvención.

Na resolución, de ser esta positiva, farase constar a contía da subvención concedida, a forma de pagamento, o programa afectado e as condicións nas que se outorga, así como a comunicación do ingreso, en concepto de anticipo por xustificar, do 25% da axuda concedida, anticipo que se xerará automaticamente para todas as entidades e/ou asociacións solicitantes unha vez sexa aprobada a concesión polo órgano competente. Non se esixirá garantía polo pagamento anticipado da subvención.

A concesión deberá ser notificada ás persoas beneficiarias. Asemade, publicarase no taboleiro de anuncios e na web do Concello de Meis a relación das axudas concedidas, nos termos previstos no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Toda alteración das condicións que fosen tidas en conta para a concesión da subvención, ou a obtención concorrente doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión. De non se resolver expresamente esta convocatoria no prazo de UN MES, contados a partir do día seguinte ó remate do prazo de presentación de solicitudes, entenderase desestimada.

A resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela, sexa expresa ou presunta, poderanse interpor os recursos que correspondan.

## 12.- XUSTIFICACIÓN

Os beneficiarios da subvención do Concello de Meis deberán xustificar a execución das actividades para as que solicitaron a subvención ANTES do 30 de NOVIEMBRE do ano en curso, excepto para aquelas actividades que se



desenvolvan entre o 15 de novembro e o 31 de decembro, cuxo prazo de xustificación rematará o 20 de xaneiro do ano seguinte.

No caso de que se xustifique un gasto inferior ó orzamento inicial das actividades presentado coa solicitude, a comisión avaliadora poderá revisar a axuda concedida, tendo en conta as actividades realmente realizadas.

Deberase acompañar a seguinte documentación:

- INSTANCIA, asinada polo presidente da entidade e dirixida á Ilma. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Meis, no que declare que a subvención concedida se destinou efectivamente para os fins para os que foi concedida e no que solicite o seu pagamento no número de conta corrente indicada na solicitude (ANEXO VII).
- CONTA XUSTIFICATIVA DOS GASTOS realizados que se presentan como xustificantes da subvención outorgada. Esta relación deberá constar asinada polo representante da entidade (ANEXO VIII).
- FACTURAS por importe, como mínimo, da subvención concedida, debendo estar expedidos a nome da asociación. As facturas deben ser orixinais ou fotocopias compulsadas e teñen que estar datadas no ano obxecto da subvención. Así mesmo, deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación. Non se admitirán "recibís" por gastos de desprazamento nin albaráns. Deberá acompañarse un listado comprensivo da facturas que se presenten (conta xustificativa). Xunto coas facturas a entidade beneficiaria debe achegar os xustificantes que acrediten o pago das mesmas.

Si existisen outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada, deberá incluírse a indicación do importe e da súa procedencia.

- DECLARACIÓN XURADA de non ter obtido axudas doutras entidades públicas ou privadas para a realización das actividades expostas. Se se obtiveron subvencións doutros organismos para a mesma finalidade, deberá achegarse fotocopia desa concesión.
- Certificados expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Facenda da Xunta e pola Tesourería Territorial da Seguridade Social nos que se acredite o cumprimento das obrigas tributarias e das da Seguridade Social.

De non se presentar a xustificación dentro do prazo establecido nestas bases, entenderase que se desiste da petición realizada. Así mesmo, se se estimase que a xustificación presentada é insuficiente, o concello requirirá a asociación para que, no prazo de 10 días naturais, proceda a emendar os defectos apreciados. O feito de que transcorra este prazo sen que se produza a emenda requirida ocasionará a revogación da subvención e, en consecuencia, a falta de

pagamento da mesma. Unha vez que se xustifique correctamente a subvención, a cantidade concedida ingresarase na conta corrente indicada polo titular da asociación ou entidade subvencionada.

### **13.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS**

- a) Levar a cabo as accións e actividades para as que se solicitou a axuda.
- b) Notificarlle ó concello, cando menos con UN MES de antelación, as datas, horario e duración concreta das actividades que se van realizar. De non producirse esta notificación en tempo e forma, non se pagará a subvención concedida.
- c) Comunicar previamente, e por escrito, calquera eventualidade que se produza na realización das actividades.
- d) Someterse ás actuacións de seguimento, control e inspección que o concello considere oportunas.
- e) Responder legalmente sobre a falta de veracidade dos datos expostos ou do incumprimento das presentes bases.
- f) Acreditar debidamente a realización das actividades e cumprir os requisitos de xustificación que se establecen nas presentes bases.
- g) Facer constar en todo tipo de publicidade que realicen da actividade, e en lugar destacado, que a actividade está "subvencionada polo Concello de Meis". No caso das equipacións deportivas, o lema "Concello de Meis" debe figurar nunha zona visible das camisetas.

O incumprimento destas cláusulas comporta a perda inmediata do dereito á subvención.

### **14.- CONTROL DA SUBVENCIÓN**

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei xeral de subvencións 38/2003, no seu Regulamento 887/2006, na Lei xeral orzamentaria 47/2003 e demais normas concordantes, isto é, na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas e Lei ordinaria do Consello de Contas de Galicia, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no que lle sexa de aplicación.

### **15.- COMPROMISOS**

Os beneficiarios das subvencións, unha vez que as aceptan, quedan obrigados a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidos.

Os beneficiarios, ademais de realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención nos prazos sinalados, someteranse ás actuacións de comprobación e seguimento de aplicación da subvención por parte do Concello de Meis. A obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións públicas, entidades ou persoas físicas poden dar lugar á modificación da resolución de outorgamento.

## **16.- REINTEGRO DE SUBVENCIONES**

No caso de incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade de carácter prepagable ou ausencia e xustificación das mesmas nos termos recollidos na ordenanza reguladora das bases xerais e nas presentes bases, o concello esixiralles as persoas xurídicas beneficiarias da mesma o reintegro das cantidades correspondentes.

## **17.- INTERPRETACIÓN**

Calquera dúbida que puidese xurdir en torno á interpretación destas bases será resolta polo persoal da Secretaría/Intervención do concello.

## **18.- RECURSOS**

Contra o acordo de concesión ou denegación, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor RECURSO DE REPOSICIÓN ante o órgano correspondente no prazo de 1 mes a partir do día seguinte ó da recepción da resolución polo solicitante, segundo dispoñen os artigos correspondentes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou ben directamente interpor RECURSO CONTENCIOSO~ ADMINISTRATIVO, no prazo de 2 meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

## **19.- DEREITO SUPLETORIO**

Para o non disposto nas presentes bases, rexerá o establecido nas bases de execución do orzamento xeral do Concello de Meis, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18/11/2003), no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como na Lei 9/2007, do



13 de xuño, de subvencións de Galicia, no que lle sexa de aplicación, e demais lexislación aplicable.

**20.-. ANEXOS:**

**ANEXO I. FORMULARIO DE SOLICITUDE**

**ANEXO II. DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA**

**ANEXO III. MEMORIA EXPLICATIVA DA ACTIVIDADE**

**ANEXO IV. ORZAMENTO DA ACTIVIDADE**

**ANEXO V. DECLARACIÓN XURADA SOBRE SUBVENCÍONS**

**ANEXO VI. DECLARACIÓN XURADA DE ESTAR Ó CORRENTE DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS**

**ANEXO VII. DECLARACIÓN RESPONSABLE E SOLICITUDE DE PAGAMENTO**

**ANEXO VIII. CONTA XUSTIFICATIVA**

## ANEXO I FORMULARIO DE SOLICITUDE

D/ Dna.

Como representante do colectivo:

con DNI n°:

Enderezo para efectos de notificación

en: \_\_\_\_\_ n° \_\_\_\_\_, localidade \_\_\_\_\_ (CP \_\_\_\_\_),

Teléfono/s de contacto:

Correo electrónico:

SOLICITA,

A concesión dunha subvención por importe de \_\_\_\_\_ € para o desenvolvemento das actividades descritas na memoria que se achega co anexo III.

En Meis, o \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo.

SRA. ALCALDESA - PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE MEIS



## ANEXO II

### DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA

D/ Dna

Como representante do colectivo:

achega a seguinte documentación para a solicitude de subvención ó abeiro das bases de concesión de subvencións municipais a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolven a súa acción no Concello de Meis, convocadas para o ano 20\_\_

1. Memoria explicativa da actividade concreta que se pretende realizar, con especificación do lugar, data prevista, obxectivos e número de beneficiarios, asinada polo presidente/a (ANEXO III).
2. Orzamento da actividade ou investimento concreto e determinado (ANEXO IV).
3. Declaración responsable na que conste que a asociación ou entidade obtivo ou solicitou calquera outra axuda, subvención, ingresos ou recursos que financien a actividade e compromiso de comunicar ao concello as que se obteñan nun futuro (ANEXO V).
4. Declaración responsable de estar ó corrente das obrigas tributarias (Estado, comunidade autónoma) e coa Seguridade Social, e de non ter débedas de ningún tipo co concello de Meis, así como declaración xurada de non estar incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas e de aceptación das bases da convocatoria, asumindo o compromiso de dar cumprimento ás condicións da subvención (ANEXO VI).
5. Copia acta da asemblea na que se designa a directiva da entidade beneficiaria.
6. Copia da acta de aprobación das contas da entidade correspondentes ó exercicio inmediatamente anterior ó ano en curso.

E, para que conste para os efectos oportunos, asíñase a presente declaración en Meis, o \_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo.

SRA. ALCALDESA - PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE MEIS

### **ANEXO III**

### **MEMORIA EXPLICATIVA DA ACTIVIDADE**

**Descrición da actividade:**

**Obxectivos da actividade:**

**Persoas e/ou colectivos á que vai dirixida:**

**Lugar de realización:**

**Data/s prevista/s de realización:**

**Duración (HORAS) previstas para o seu desenvolvemento:**

**Número de asistentes previstos:**

En Meis, o \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo.

O/A PRESIDENTE/A

SRA. ALCALDESA - PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE MEIS

## ANEXO IV ORZAMENTO DA ACTIVIDADE

Custo previsto para a actividade (con desglose dos gastos máis importantes):

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.

Contribución que ten previsto achegar a propia asociación:

Achega que se prevé recadar dos participantes na actividade:

Subvención que se solicita ó concello:

Subvencións solicitadas a outras administracións (indicar administración e importe):

- 1.
- 2.
- 3.

Achegas previstas por outras entidades:

- 1.
- 2.
- 3.

En Meis, o \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo.

O/A PRESIDENTE/A

SRA. ALCALDESA - PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE MEIS

## ANEXO V DECLARACIÓN XURADA SOBRE SUBVENCÍONS

D/ Dna:

Como representante do colectivo:

---

DECLARA BAIXO XURAMENTO (sinalar cunha X)

Que o Club Deportivo / Asociación:

\_\_\_ NON RECIBIU ningún tipo de axuda de ningunha outra entidade pública ou privada para a realización das actividades expostas na memoria explicativa.

\_\_\_ RECIBIU da entidade pública ou privada a cantidade de \_\_\_\_\_€ para a realización das actividades expostas, sen que o importe total das subvencións concedidas supere o custo da actividade subvencionada.

Así mesmo, asume o compromiso de comunicarlle ó Concello de Meis a concesión de calquera tipo de subvención que reciba para calquera das actividades incluídas na memoria explicativa, achegando copia das mesmas.

E, para que conste para os os efectos oportunos, asma a presente declaración en Meis, o \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo.

SRA. ALCALDESA - PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE MEIS

## ANEXO VI

### DECLARACIÓN XURADA DE ESTAR Ó CORRENTE DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS

D/ Dna:

Como representante do colectivo:

---

#### DECLARA BAIXO XURAMENTO

1.- Que este club deportivo / asociación se encontra ó corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e coa Tesourería Territorial da Seguridade Social.

2.- Que este club deportivo / asociación se encontra ó corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Meis.

3.- Que este club deportivo / asociación non se encontra incurso en ningunha das circunstancias de prohibición para a obtención da condición de beneficiario da axuda ou subvención, previstas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

4.- Que este club deportivo / asociación acepta as bases da convocatoria, asumindo o compromiso de dar cumprimento ás condicións da subvención.

E, para que conste para os os efectos oportunos, asina a presente declaración en Meis, o \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo.

SRA. ALCALDESA - PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE MEIS

## ANEXO VII

### DECLARACIÓN RESPONSABLE E SOLICITUDE DE PAGAMENTO

D/ Dña:

Como representante do colectivo:

en relación coa subvención concedida polo Concello de Meis ó abeiro das bases de concesións de subvencións municipais a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolven a súa acción no Concello de Meis convocadas para o ano 20\_\_,

DECLARA,

1. Que os gastos totais imputados á devandita subvención son reais e que esta se destinou ós fins para a que foi outorgada, cumprido a finalidade para a que foi concedida a axuda.

2. Que a totalidade de axudas e subvencións recibidas para cada actividade incluída na memoria explicativa non supera a totalidade dos gastos efectivamente realizados para a execución de cada unha delas.

Polo tanto, SOLICITA o pagamento do importe concedido en virtude desta subvención no número de conta corrente (incluír IBAN):

\_\_\_\_-\_\_\_\_-\_\_\_\_-\_\_\_\_-\_\_\_\_-\_\_\_\_

E, para que conste para os efectos oportunos, asina a presente declaración en Meis, o \_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo.

SRA. ALCALDESA - PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE MEIS



## ANEXO VIII. CONTA XUSTIFICATIVA

### DATOS DO SOLICITANTE

Nome e apelidos:

En calidade de:

Entidade/ asociación:

CIF:

Enderezo:

C.P.:

Localidade: Tlf.1:

Tlf. 2:

E-mail:

Fax.:

### DECLARA

A) Que para a actividade:

foille concedida unha subvención de \_\_\_\_\_ € e que se realizaron os gastos que se relacionan na seguinte conta xustificativa:

No	Provedor/ empresa	CIF	Nº factura	Concepto	Importe
No	Provedor/ empresa	CIF	Nº factura	Concepto	Importe
No	Provedor/ empresa	CIF	Nº factura	Concepto	Importe

TOTAL:

B) Que se xunta a relación de facturas polo importe do orzamento presentado coa solicitude da subvención concedida e que o resto dos xustificantes se atopan na sede da asociación/entidade, á disposición da comisión avaliadora, de ser o caso, para o seu exame.

C) Que os gastos que arriba se detallan son reais e que se aplicaron á finalidade subvencionada.

Asdo.: O/a presidente/a